

«O Camiño dos Faros é unha inmersión forte na natureza da Costa da Morte»



PATRICIA BLANCO CARBALLO / LA VOZ



ANA GARCIA

Gentes del Finis Terrae | Filósofo e escritor, Luís G. Soto presenta mañá en Carballo un ensaio ou diario de viaxe sobre esta «singular» ruta: 19.30, Espiral Maior Foro 20 dic 2023.

Vaise despedindo o ano, mais aínda queda moito por contar e por ler. Mañá, no espazo **Espiral Maior Foro de Carballo**, ás 19.30 horas, presentaranse dúas obras: *Veráns de misterio*, de Tareixa Roca, e *O Camiño*

dos Faros: diario dunha viaxe, de **Luis G. Soto** (A Coruña, 1956). Este último, profesor de Filosofía Moral da Universidade de Santiago, escritor e conectado con esta terra de Bergantiños a través de Pondal, falou da súa obra en Radio Voz:

—Cando percorreu o Camiño?

—Fixen esa viaxe no 2020, pero quedoume interrompida pola pandemia. Chegara a Soesto (Laxe), e aí tiveron que parar polo confinamento. Logo continuei. Repetín no 2021 e xa entón ía escribindo a crónica do Camiño, mais aínda volvían repetir no 2022, xa tendo un libro escrito, pero refacéndoo e incluíndo as novas experiencias. Por que me puxen a escribir? Diría que por un motivo reivindicativo: realzar o valor desa ruta, pero tamén dunha maneira máis xeral do que é a Costa da Morte, Bergantiños e Galicia, como natureza e como o mundo que se crea en torno a ela. Non é só conservar, senón conservar para potenciar, un salto adiante.

—Diría que é a mellor forma de empaparse de Costa da Morte?

—É a mellor forma de empaparse, precisamente, do valor da natureza desta comarca. É a mellor porque é a máis singular, esa costa dános unha idea do conxunto, tamén do interior. Matizo que é a mellor forma para unha persoa atlética [ri], porque non é fácil o Camiño, os seus tramos, depende das condicións meteorolóxicas... É unha inmersión forte nunha natureza de momento preservada.

—Canta filosofía hai nesta ruta?

—Hai bastante, pero no sentido de diálogo coa xente. Facendo o libro, quixen destacar o valor do Camiño como tal, pero tamén o valor de ter tempo libre, temos cada vez menos. O traballo devora todo. Reivindicar o ocio e, dentro del, esta experiencia de andar, atoparse con xente, falar, emprender aventuras que un non pensaba... En todo isto ten un papel a filosofía. Son profesor de ética e filosofía

política, que iso é o que significa a denominación académica de Filosofía Moral.



Ano 2014. Trasnos durante o Camiño dos Faros, sobre a ponte de Ponteceso **Ana Garcia**

—Non se chegou á homologación, pero din que mentres alguén o ande.... Que futuro lle ve ao Camiño?

—O máis importante é que continúe sendo un foco de atracción, si, pero ten que haber unha acción positiva de tipo proteccionista, medidas. Agora consérvase polo traballo de persoas e entidades vinculadas a este Camiño, pero penso que se precisa máis. Que a fórmula sexa a homologación ou outra, aí xa non entro eu. É un reclamo importante case a través da transmisión persoa a persoa: a dificultade que ten creo que tamén o defende e protexe.

—A súa obra é unha guía?

—Penso que si, polo menos de incentivo. Vou seguindo as etapas e contando o que vou vendo e facendo. Serve, cando menos, para darse conta de que no Camiño hai unha cantidade enorme de paisaxes suxerentes, para estar: praias, cantís, bosques, mar aberto feroz, ría calma... É unha inmersión no silencio, pero tamén nos ruídos dos animais, nos ventos... Inclúo evocacións a figuras que teñen que ver coa cultura de Bergantiños e Galicia, como as da poesía de Eduardo Pondal.

—Ten escrito que unha boa maneira de internarse na comarca era a través de «Queixumos dos pinos», precisamente. Foi Pondal un bo prescriptor turístico desta terra?

—Si. El estudou as súas primeiras letras en Nemiña, facía o percorrido dende Ponteceso a cabalo, e logo tamén a Santiago. Iso, á marxe doutros percorridos da súa vida que aparecen na súa obra. De Malpica a Fisterra, no Camiño dos Faros, case en todos os treitos vamos atopando referencias de sitios polos que pasou. Pondal era un observador moi fino, quizais por ser médico, máis que por ser poeta, coas miñas desculpas para os poetas [ri]. Son descriucións precisas e intensas.

—Coordina vostede en Espiral Maior Foro o seminario Eduardo Pondal XXI. E é boa a asistencia.

—Non son eu só, son tamén coordinadores Xavier Canosa e Paula Cousillas, persoas de diferentes ámbitos e escalonados en idade. Cumpriremos un ano de iniciativa agora este mes, e cando comezamos nin o imaxinabamos. Relemos, interpretamos e falamos integrando a persoas moi distintas.



Unha das reunións do Seminario Eduardo Pondal XXI **BASILIO BELLO**

—Pondal garda algo para todos. Ten o recoñecemento merecido?

—Facendo unha chanza cunha polémica recente, eu digo que a cultura galega ten moito de compromiso, de militancia e de entrega. Canto lle habería que ter pagado a Pondal polo Himno? Daría para algún millón de euros, creo...

—Cantas capas lle ve ao bardo e por que os prexuizos con el?

—Ten moitas. No seminario comprobamos como aparecen continuamente dimensións novas. O das resistencias ten moito que ver con que somos demasiado cegos co que temos diante, importamos perspectivas que son necesarias, pero que se nos cegan non son recomendables. Pasa coa literatura galega en xeral.